



## ACTA Nº 2023/13

### SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, luns 28 de agosto de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:04 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

#### ALCALDESA

MARGARITA LAMELA LOUZÁN

#### CONCELLEIROS/AS

RUBÉN VILLAR AGULLEIRO

EMILIA MARÍA TRILLO LOJO

SERGIO ROMERO CONDE

MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO

BELÉN FERNÁNDEZ CONDE

ALFONSO CANOSA BLANCO

JESÚS ÁNGEL PICALLO SANTOS

AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO

MARÍA VICTORIA AREAS POSE

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

MONSERRAT CANOSA VIGO

MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

#### SECRETARIA

ROCIO HERMIDA CANCELA

#### INTERVENTORA

ROSA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

#### **I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2023.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

#### **II. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 7 de agosto de 2023.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.



## **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE.**

1. **PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación inicial da Ordenanza Municipal para regulación da Administración electrónica Municipal no Concello de Cee. EXPEDIENTE Nº: 2023/G013/000003.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade o día luns 21 de agosto de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

### **“2. PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación inicial da Ordenanza Municipal para regulación da Administración electrónica Municipal no Concello de Cee. EXPEDIENTE Nº: 2023/G013/000003.**

Considerando a seguinte:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA EXPEDIENTE Nº: 2023/G013/000003**

**Procedemento:** Aprobación inicial da Ordenanza Municipal para regulación da Administración electrónica Municipal no Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que esta administración conta coa Ordenanza Municipal para a regulación da Administración Electrónica Municipal do Concello de Cee aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de 24 de outubro de 2014 e cuxa aprobación definitiva foi obxecto de publicación non BOP número 21 do 2 de febreiro de 2015.

Consecuencia do impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, obriga a adaptar ás mesmas as Ordenanzas e Regulamentos locais en materia de Administración electrónica, son numerosos os cambios que se produciron durante as últimas décadas na regulación do procedemento administrativo coa introdución paulatina da Administración electrónica, resultando necesario a aprobación dunha Ordenanza Administración electrónica Municipal do Concello de Cee, acorde coa lexislación vixente e derogar a anterior.

Polo exposto, **PROPOÑO O PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente A Ordenanza Municipal para regulación da Administración electrónica Municipal no Concello de Cee, que obra no expediente de referencia.

**SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello, *dirección* <https://sede.cee.gal> co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.



**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [*dirección <https://sede.cee.gal>*].

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

**CUARTO.** Facultar a Sra. Alcadesa-Presidenta para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Alcadesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE"**

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 6 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG."**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----**INTERVENCIONS**-----

Intervén a Sra. alcaldesa e di que xa coñecen a proposta, é a modificación da ordenanza para adaptala a lexislación vixente.

-----**VOTACION**-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.**

- 2. PROPOSTA ALCALDÍA: Declaración posto vacante da RPTPL: "XARDIÑEIRO-OFICIAL DE PRIMERA-". CÓDIGO 01.01.08 por xubilación. EXPEDIENTE Nº: 2023/E004/000002.**

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade o día luns 21 de agosto de 2023 emitiuse o seguinte DITAME:

**"4. PROPOSTA ALCALDÍA: Declaración posto vacante da RPTPL: "XARDIÑEIRO-OFICIAL DE PRIMERA-". CÓDIGO 01.01.08 por xubilación. EXPEDIENTE Nº: 2023/E004/000002.**

Considerando a seguinte:

**PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** DECLARACIÓN POSTO VACANTE RPTPL: "XARDIÑEIRO-OFICIAL DE PRIMERA-".  
CÓDIGO 01.01.08 POR XUBILACIÓN.

**EXPEDIENTE Nº:** 2023/E004/000002.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Margarita Lamela Louzán, Alcaldesa do Concello de Cee, Considerando a Relación de Postos de Traballado para persoal laboral deste Concello.

Visto que a persoa que ocupaba o posto "XARDIÑEIRO-OFICIAL DE PRIMERA-". CÓDIGO 01.01.08 (ÁREA XERAL DE REPARACIÓNS), procedeu o cese da actividade laboral por xubilación.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Declarar vacante a todos os efectos o seguinte posto da RPTPL: "XARDIÑEIRO-OFICIAL DE PRIMERA-". CÓDIGO 01.01.08 (ÁREA XERAL DE REPACIÓNS).

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo aos Departamentos competentes.

Alcaldesa do Concello de Cee:  
Margarita Lamela Louzán.  
[DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE]."

**Sométese á votación a proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

## -----INTERVENCIÓNS-----

Sra. alcaldesa: é simplemente a declaración de vacante por causa de xubilación.

Sra Iglesias Lema: entendo que si vai a publicar a vacante é porque despois ten pensado sacala non?

Sra. alcaldesa: si

Sra Iglesias Lema: o noso voto vai ser en contra porque entendemos que Cee medrou moito e agora mesmo o feito de ter un xardiñeiro municipal non sería suficiente e sería mellor licitar o servizo porque sabemos que fai falta tanto para o rural como para o pobo en si porque hai moita necesidade de xardiñería entón sabemos que si ven os do Pel, Risga, Apem tamén leva algunhas zonas de Cee, entón entendemos que sacar esa praza é un custo innecesario para o concello e seria mellor licitar un servizo

Sra. alcaldesa: entón Vde di que é mellor externalizar o servizo cunha empresa privada?

Sra Iglesias Lema: claro con unha empresa, nos entendémolo así.

## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 9 votos a favor dos grupos políticos PSOE e BNG, 1 voto en contra do grupo Mixto e 3 abstencións do grupo político PP.**

3. **Ditame da Comisión informativa relativo á designación de vogal titular, como membro da mesa de contratación plenaria. EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000221.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sanidade e Igualdade o día luns 21 de agosto de 2023 emitiuse o seguinte **DITAME**:

**“4. PROPOSTA DA ALCALDÍA: designación de vogal titular e suplente/s entre os grupos municipais PP, BNG E MIXTO, como membro da mesa de contratación plenaria. EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000221.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** DESIGNACIÓN DE VOGAL TITULAR E SUPLENTE/S ENTRE OS GRUPOS MUNICIPAIS PP, BNG E MIXTO, COMO MEMBRO DA MESA DE CONTRATACIÓN PLENARIA.

**EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000221.**

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, *considerando que o Pleno da Corporación, na súa sesión organizativa do 30 de xuño de 2023, adoptou a seguinte composición da Mesa de Contratación Plenaria:*

**PRESIDENTA:**

Alcaldesa do Concello ou membro deste en quen delegue.

**VOGAIS:**

**1 Vogal de entre os restantes Grupos Municipais.**

**VOGAIS SUPLENTES** correlativamente ao Grupo político.

**O Arquitecto ou Arquitecto Técnico** ou técnico que proceda en función da materia obxecto de contrato.

**A Secretaria do Concello** ou habilitado que legalmente a substitúa.

**A Interventora do Concello** ou habilitado que legalmente a substitúa

**SECRETARIO:** Don Jesús Roget Salgado ou funcionario en quen delegue.

Resultando que están previstas contratacións para someter a dita Mesa.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **someto a Ditame** da Comisión Informativa de Presidencia, Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade a designación de vogal titular e suplente/s entre os grupos municipais PP, BNG e Mixto, como membro do referido órgano, os efectos da súa aprobación plenaria.

Asinado dixitalmente o marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Intervén a Sra Díaz Mejuto e propón o Sr Picallo Santos como vogal dado que é o grupo con mais representación na Corporación.

A Sra Iglesias di que se propón a si mesma, igualmente a Sra Canosa que propónse ela ou o Sr Domínguez.

Non acadan acordo.

Eu Secretaria digo que neste caso, deberá facerse unha proposta da alcaldía, sen prexuízo de que o órgano pódese celebrar igualmente debido a que habería quórum suficiente cos restantes membros.

**A Sra alcaldesa propón como vogal/membro da MESA DE CONTRATACIÓN PLENARIA a Pilar Iglesias Lema que se somete á votación e resulta ditaminado favorablemente no seguinte sentido: 6 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, 2 votos en contra do grupo político PP e 1 abstención do grupo político BNG.”**



A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

## -----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta xa se falou na comisión correspondente ante falta de acordo pola oposición a proposta da alcaldía nomear a concelleira Pilar Iglesias.

Sr Picallo: neste asunto simplemente dicir que a mesa de contratación plenaria é un órgano que se reúne pouco, está formado por un membro do goberno e un da oposición, o mais democrático sería nomear en función da representación que os grupos temos sen embargo Vde decidiu nombrar a Pilar Iglesias, o grupo con menor representación para nos incompreensible dado que o mais democrático sería nomear en función da representación, neste caso calquera membro do PP polo tanto o noso voto vai ser en contra.

Sra. Iglesias Lema: bueno con respecto o que di aquí o compañeiro quería comentar porque o outro día xurdía este tema democrático e as compañeira do PP cando acabou a comisión dixeron algo así como que non era democracia, eu cando vin a comisión comigo ninguén da oposición se puxo en contacto comigo si o PP tiña pensado esa decisión o normal é que se puxera en contacto comigo, nin o PP nin o compañeiro do bloque do mesmo xeito que non falei en ningún momento coa alcaldesa eu tamén pensei cheguei aquí vou propoñerme eu mesma o que non sabía é que ese día tiña que saír unha proposta da alcaldía é certo que a secretaria dixo que non había acordo pero eu estou aquí para e por Cee e canto mais órganos poida estar representado mellor e por eso estamos moi agradecidos, tamén quería dicir que cando saín daqui non recordaba para nada o que pasou fai catro anos pero curiosamente foi IXCee e non fora o mais votado é certo que o portavoz do PP non estaba no Pleno, non estaba aquí pero estaban as dúas compañeiras e non entendo porque fai catro anos era democrático e agora é antidemocrático eu non so antidemocrática e os comentarios eses non son do meu agrado nin do meu grupo, gracias.

Sra alcaldesa: o ano pasado tomando como referencia, como sinala a Sra Iglesias, primeiro foi IXCee, segundo o grupo mixto, terceiro o Bng e o cuarto había sido o PP que era en si o grupo maioritario da oposición se había posto de cuarto, terceiro suplente entón o democrático como di o Sr Picallo depende sempre de quen sexa nomeado si é el é democrático si son os demais non son democráticos, todos estades en igualdade de dereito eu propuxen que se puxera de acordo a oposición igual que na lexislatura pasada este ano non sei o motivo polo que non se puxeron de acordo son cousas vosas e a decisión da alcaldía dentro da democracia porque é unha facultade miña nomeo a Sra. Iglesias, como membro da mesa de contratación, nada mais.

Sr Domínguez Louro: o noso voto vai ser abstención non temos problema que sexa Pilar Iglesias como si fose un membro do PP ou noso pero o punto da comisión era proposta de alcaldía designación de vogal titular e suplente entre os grupos municipais, non creo que esto signifique que teña que vir acordado fora da comisión un acordo entre tres para que haxa unha reunión porque si nos reunimos incluso vaia por dios montaremos un cirio como tal, dito esto non teño problema que sexa a compañeira pero Vde a propuxo, terá a súa razón, e nada mais, pero claro que parece que temos que acordar teríamos que facer unha comisión aparte a oposición para poñerse de acordo, non alcanzo a entender dito isto vamos absternos porque non temos problemas.

Sra. alcaldesa: según as súas manifestacións durante a lexislatura pasada reuníronse bastantes veces e incluso se puxeron de acordo para convocar plenos extraordinarios e para todo tipo de acordos reuníanse frecuentemente e a miña sorpresa cando cheguei a comisión tomando como referencia a lexislatura pasada pensei que poderían haber falado entre Vdes e proposto a unha persoa e chegamos a comisión e non había proposta e por indicación de secretaria tiña que propoñer unha persoa a alcaldesa, non hai mais.

Sr Domínguez Louro: perfecto a última parte non teño problema en aceptala pero me sorprende que cando di que nos reunimos en varias ocasións con taquígrafos, e foi simple para convocar plenos extraordinarios algo que no falaría moi ben de Vde si a oposición ten que convocar plenos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



extraordinarios pero o dito é algo que sae fora do establecido, do normal incluso atender os resultados electorais para designar os vogais pero volvo a repetir non teño problema en que sexa a concelleira de IX Cee como si fose outro, nos vámonos a abster en calquera caso.

## -----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto, 3 votos en contra do grupo político PP e 2 abstencións do grupo político BNG.**

### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

4. **PROPOSTA DA ALCALDÍA (EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000030) relativa á participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña (A N E X O XXII b).**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 21 de agosto de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**"2. PROPOSTA DA ALCALDÍA (EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000030) relativa á participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña (A N E X O XXII b).**

Considerando a seguinte:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000030**

**ASUNTO:** Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2023**" da Deputación Provincial da Coruña (A N E X O XXII b).

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO o PLENO da CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2023**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

#### **A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	158.743,99 €

#### **B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
<b>TOTAL</b>					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem . auga potable )		
<b>TOTAL</b>					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

### C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello		Total concello	Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible		
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	158.743,99 €				158.743,99 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
<b>TOTAL</b>	158.743,99 €				158.743,99 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.





4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente o marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE e 4 abstencións dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: conforme consta na proposta é destinalos para gasto corrente.

Sra Iglesias Lema: o que quería comentar que tampouco sabía porque nunca estiven nun goberno con maioría absoluta dende que estou en política, pregunteille as funcionarias o que competía cada unha, o que si, bueno houbo mais cartos do Pos complementario das obras que aprobamos aqui todo o pleno fai catro anos, entendo pola nosa parte satisfeitos porque propuxemos a segunda fase de pavimentación Rúa Castelao, pero si vexo que a obra de Abastecemento de auga a Gures non se vai facer que vai tamén para suministros, porque a de Berroxe-Ameixenda e primeiro tramo Rúa Ferrol si pero a de Gures que son 60 e pico mil euros non se fai non sei si hai motivo algún.

Sra. alcaldesa: varios motivos, o primeiro que vaia destinada a suministro neste ano a igual que outros concellos pois facturas de luz viñeron neste ano proba delo é que no propio orzamento incrementouse considerablemente a partida pasamos de 260 a 450.000 euros, os orzamentos que acabamos de aprobar e nos propios orzamentos xa figuraban estes cartos como ingresos do Pos, habería que destinar os cartos para pagar o suministro eléctrico entre outros, por outra banda o tema do custe da obra de Gures íase incrementar de forma considerable dado as esixencia dende a AXI para poder acometer esa obra, perforación, bueno entón incrementaba bastante a contía e esa obra se estudiará porque habería que facer un modificado dese proxecto, incrementar considerablemente e se estudiará de cara o próximo Pos.

Sra Iglesias Lema: xa que falamos de obras a da Rúa Castelao quedou deserta vin nas resolucións da alcaldía pero vai volver a saír porque era axustado?

Sra. alcaldesa: no, foi parece ser que estabamos no mes de agosto había moito traballo e non se presentaron non é o tema de prezo que está bastante ben xa lle indiquei a funcionaria que volvera a sacar a licitación esa obra.



-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.**

5. **PROPOSTA ALCALDÍA relativa á aprobación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 144,79 euros. EXPEDIENTE Nº: 2021/A008/000012.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 21 de agosto de 2023 emitíuse o seguinte DITAME:

**“3. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á aprobación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 144,79 euros. EXPEDIENTE Nº: 2021/A008/000012.**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Aprobación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 144,79 euros.

**EXPEDIENTE Nº:** 2021/A012/000021.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a documentación achegada polo Concello de Dumbría con NRE 202390000000044 en data 2 de maio de 2023, na que SOLICITA:

*“(…)Como consecuencia da fiscalización final realizada pola Xunta de Galicia da documentación xustificativa dos gastos subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV (29/10/2021 a 28/07/2022) que foi achegada nos modelos anexos 5, 6, 7 e 11 e logo da comunicación a este concello dos criterios interpretativos da imputación dos gastos das baixas laborais do alumnos nos que a Xunta establece que non se fai cargo das cotas patronais á Seguridade Social do persoal que está de baixa por IT e non acude ningún día ao mes ao seu posto de traballo (estima que neste caso non se da nin formación nin ocupación) polo que obriga a asumir a entidade promotora todos os gastos tanto de salarios como de seguros sociais a cargo do concello nese período.*

*Como consecuencia do anterior a Xunta rebaixou a cantidade de gastos subvencionables en 434,37 euros (reclamouse no seu día a cantidade de 265.094,65 euros e o día 27 de abril de 2023 ingresou neste concello logo da modificación dos anexos citados, a cantidade de 264.660,28 euros.*

*Polo tanto e tal e como se lle indicaba no escrito remitido por este concello o 19/10/2022, os concellos deberán asumir esta diferenza consecuencia da liquidación final aprobada pola Xunta.*

*A cada un dos 3 concellos correspóndelle asumir pois a cantidade de 144,79 euros a maiores da xa asumida no seu día.(…)”*

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO** ao PLENO da CORPORACIÓN a adopción do seguinte **ACORDO**:



**PRIMEIRO.-** Aprobar os gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 144,79 euros, parte correspondente o Concello de Cee a favor do Concello de Dumbría.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o Concello de Dumbría, os efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais.

Asinado dixitalmente ao marxe.  
Alcaldesa do Concello de Cee.  
Margarita Lamela Louzán.”

**Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 6 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.”**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCÍONS-----

Sra. alcaldesa: como xa coñecen a proposta son uns gastos de 144,79 euros que non están cubertos pola subvención debido a unha baixa dun traballador e temos que afrontala entre os catro concellos.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 8 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos grupos políticos PP e BNG.**

**B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

**6. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:**

**Da Nº 669/2023 do 22 de xullo á Nº 762/2023 de 22 de agosto.**

Quedan enterados/as

**7. Rogos e preguntas.**

Sr Picallo: antes de nada queríamos deixar claro e felicitar a comisión de festas, a toda policía local, a limpeza equipos de limpeza e todos os participantes nestas festas da Xunqueira pero tamén nos gustaría saber que nos diga a alcaldesa o coste desta campaña publicitaria na Voz de Galicia de case 10 paxinas que nos diga o coste que tivo e ver a capacidade de ese diñeiro invertido niso ou unha vez que os periódicos teñen cada vez menos repercusión, en canto esa pregunta quería facerlle outra porque a licitación do Centro comercial quedou deserta vai cambiar o modo de comercialización dos locais, pasar outro inverno pechando locais no centro comercial.



Sra alcaldesa: Sr Picallo creo que Vde forma parte da comunidade do centro comercial, Vde sabe perfectamente que o concello non ten maioría na comunidade eu recordo a última reunión na que fun, bueno a única que por parte da xerencia convocou despois de insistencia desde a alcaldía, recordo que Vde o pouco tempo de iniciar a reunión marchou, o seu interese polo centro comercial habendo sido presidente durante mais de 10 anos, sabemos o seu seguimento respecto o centro comercial, eu estou incluso excedo das competencias hai un xerente que pagamos todos os meses para que poña en marcha e en pleno rendemento ese centro comercial e non o fai, e dende o goberno estamos traballando neso, xa tivemos varias reunións cando teña mais información o respecto darei traslado pero bueno Vde tamén forma parte da comunidade e sabe como funciona e como está a situación e máxime cando Vde foi presidente bastante tempo.

Sr Picallo: si fun tempo presidente da comunidade, quizás os 10 anos de mais éxito do centro comercial, en canto deixei ser presidente o peche de locais é claro, o concello non é unha inmobiliaria, é moi complicado máxime cando está pagando unha xerencia, eu paguei toda vida a comunidade, sabe ben que pasou aí, non entre en cuestións persoais, o que quero é axudarlle a comercializar o centro comercial, canto mais se alquile mellor, cando chove ter un sitio para os nenos non temos mellor sitio que é moi necesario, buscar a formula necesaria, o que si lle digo é que o concello non e unha inmobiliaria.

Sra. alcaldesa: Vde agora que forma parte da oposición e voceiro do grupo maioritario da oposición invítolle a que faga propostas o goberno está esperando.

Sr Picallo: Eu son autónomo non me faga perder o tempo

Sra. alcaldesa: Entón para que é concelleiro?

Sr Picallo: Vde cobra para xestionar.

Sra. alcaldesa: Cando un se presenta a unhas eleccións con vocación de servidor público tamén pode facer propostas eu estou traballando pero Vde pode facer dende a oposición non so para criticar ser construtiva iso que tanto Vde presumía antes de ser concelleiro.

-----intelixible por cercanía de micrófono-----

Sr Picallo: Vde ten que falar ben da vaca senón non a vendemos.

Sra. alcaldesa: Vde cando marchou do centro comercial deixou unha débeda de mais de 200.000 euros.

Sr Picallo: Eu unha débeda!

Sra. alcaldesa: Como presidente que é o máximo responsable

Sr Picallo: Vde acaba dicir que eu deixei unha débeda

Sra. alcaldesa: Unha débeda, Vde sendo presidente deixou a presidencia cunha débeda de mais de 200000 euros a xestión esta aí as actas están aí e como pagou a comunidade dun determinado local está aí todo está por escrito non veña dando leccións do centro comercial porque está como está sendo Vde presidente.

Sr Picallo: Esto si que é o ultimo que acaba de oír, di que deixei unha débeda.

Sra. alcaldesa: A presidencia, o cargo

Sr Picallo: Teremos que ir

Sra. alcaldesa: Non amenace.

Sr Picallo: Pero súa nai e súa irma estaban nas reunións e votaban a favor

Sra. alcaldesa: Que falta de respeto e despois di que non entremos en temas persoais.

Sr Picallo: É Vde que di que deixei débeda, deuda eu a nadie, tráíame Vde alguén que eu teña unha débeda, inda non lle chegou o que me calumniou na campaña, inda quer seguir calumniando, por favor e, esa pregunta vou facerlla seguido porque vai meter nun problema a quen está aí dentro.

Sra. alcaldesa: A presidencia cando Vde e deixou a presidencia a débeda do centro comercial ascendía a 200.000 euros.



Sr Picallo: Pregúntelle a empresa que xestiona o centro.

Sra. alcaldesa: Vde non tiña ningunha responsabilidade como presidente..

Sr Picallo: Vaia o xulgado e presente unha demanda si é certo que eu teño responsabilidades que Vde coñece ese sitio eu non, non pode calumniar soamente lle estou preguntando cando lle costou a Voz de Galicia.

Sra. alcaldesa: Vamos coa Voz de Galicia que pensa que os demais son como Vde e non somos como Vde.

Sr Picallo: Un respecto usted cobra aquí de todos os veciños incluídos os meus impostos, un respecto.

Sra. alcaldesa: Vde tamén esta cobrando dos veciños e veciñas de Cee, respecto as felicitacións alégrome que felicite a comisión, policía local e tamén podía felicitar o goberno e a esta alcaldesa.

Sr Picallo: Vde cobra para facer o seu traballo dixen a todos os que participaron.

Sra. alcaldesa: Vde cóstalle recoñecer o traballo, no último pleno dixen non me van doer prendas si teño que felicitala polo traballo que se fixo, dende alcaldía se fixo moito traballo, xestión atraccións, xestión iluminación, xestións dos baños, organización da seguridade coa policía local, xestión da limpeza foi dende a alcaldía e respecto o custe e pode Vde pedir a factura.

Sr Picallo: Solicitala no concello?

Sra. alcaldesa: Si non teño problema, 600 euros mais ive pero pode pedir Vde a factura, o que mais ou menos se viña abonando de todos os anos.

Sr Domínguez Louro: varias cousiñas a primeira é que tiña preparada unha moción sobre as solucións os problemas do parque de bombeiros e cando recibimos a convocatoria do pleno sabemos que o cambiar a data é así extraordinaria pero quedamos sin punto para introducir mocións entón pido por favor que decidamos xa que queremos facer, si temos que presentar as mocións por escrito para tratalas nunha comisión e veñan como punto da orde do día e si ten que haber un cambio de pleno ordinario a pleno extraordinario polo que sexa, non critico que se faga así porque as súas razóns tería da igual que sexa un venres que un luns pero polo menos que se nos deixe presentar a moción porque senón estásenos privando de facer oposición e ademais neste caso nunha moción que baixo o noso punto de vista é moi importante o que vou facer e dar lectura a moción como non se vai poder votar si os grupos queren intervir sobre ela por suposto que poden facelo e o final fareille a Vde un rogo para sacar algo en limpo deste pleno e do traballo feito:

*Os traballadores do parque de bombeiros de Cee levan tempo denunciando a falta de medios materiais e persoais que veñen sufrindo, mais non é só un problema que afecte ao noso parque, os Consorcios Provinciais de Incendios e Salvamento están a padecer unhas carencias que teñen obrigado ao peche temporal de moitos parques, ente eles o noso. No verán, momento de maior risco de incendios, estase pechando o parque por falla de persoal necesario, o que provoca a deficiente cobertura nas emerxencias, unha auténtica negligencia que pode ter consecuencias catastróficas se nalgún momento ocorre un percance de dimensións considerables, un incendio ou un accidente de consideración importante.*

*O Goberno do PP tense negado a negociar cos traballadores e traballadoras dos parques, inmersos nun conflito laboral que o pasado mes de xuño lles levou a convocar unha folga pola que deixaron de realizar, de xeito voluntario, horas extraordinarias.*

*Esta medida evidenciou a carencia de persoal existente nos Consorcios Provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento, polo que dende a adopción da mesma, practicamente cada día, algún parque comarcal houbo pechar o servizo por carecer de efectivos mínimos para atendelo.*

*A Xunta de Galiza mira cara outro lado en todo este conflito e negase a buscar saída a un problema*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



*que non pode demorar mais a súa solución, dadas as consecuencias de manter no tempo esta situación.*

*Dende o BNG de Cee esiximos á Xunta responsabilidade e que rectifique a súa postura de intransixencia, que negocie e respecte as condicións laborais dos traballadores e traballadoras dos consorcios para velar tamén pola seguridade das persoas, pero o Partido Popular non só non busca solucións, se non que agrava mais aínda a situación ao derivar aos parques comarcais traballos que corresponden á propia Administración autonómica e cuxa execución corresponde á empresa pública Seaga, como a retirada de niños de velutina.*

*Ante a persistencia do conflito e as consecuencias do mesmo, o Bng de Cee fai o rogo para Instar á Xunta de Galiza a que se sente a negociar cos traballadores e traballadoras dos consorcios, que reclaman da Administración melloras laborais e sociais e, conforme aos criterios establecidos polo Tribunal Supremo, a integración como persoal laboral fixo do cadro de persoal que fora subrogado cando os parques comarcais de bombeiros pasaron á xestión pública directa.*

o rogo simplemente é que Vde pida unha reunión con presidencia con quen corresponda e faga saber da necesidade imperiosa de dar solución a este problema que pode ter consecuencias imprevisibles e dramáticas e que sobre todo o PP, a Xunta de Galicia establece reunións coa diputación convide os traballadores e traballadoras para chegar a un acordo o mais rápido posible porque neste caso e noutros falamos de vidas humanas, ante a imposibilidade de votar esta moción fagolle este rogo e tamén anuncio que si non se soluciona de aquí a un mes que será o pleno de setembro traeremos a moción de novo e si cambiou a situación para mellor estupendo e senón anuncio que a traeremos para ese pleno co cal si ten que haber unha demora do pleno rogo que se poña un punto para que se poda tratar, non sei si queren falar de algo desto ou sigo cos rogos.

Sra alcaldesa: pola miña parte non hai problema xa se habían posto en contacto comigo eu xa había falado coa deputación, naquel momento estaban en funcións non habían elexido quen asumía cada area, darei traslado o presidente da deputación para que se poñan en contacto e facer todo o posible non hai ningún tipo de problema e si en un mes non se soluciona traia novamente a moción que por parte do goberno vai votar a favor por suposto.

Sr Domínguez Louro: eu o que lle pido ademais da deputación que evidentemente non estaba de mais que fale co presidente que pida esa reunión establece conversacións con quen corresponda de presidencia para que dean solución porque se está perdendo o tempo por parte da xunta cando convoca a deputación e nesa reunión non están os traballadores que é a parte interesada realmente, teñen que estar as 3 partes para chegar a un acordo senón vai ser complicado e mentres están as vidas humanas en xogo.

Sra. alcaldesa: eu mañá me poño en contacto a ver como poden facer, a ver si instan tamén a xunta para convocar unha reunión onde este o representante dos bombeiros.

Sr Domínguez Louro: non sei si está cortada a estrada pero estivo bastante tempo a que vai cara o Peirao, cara a depuradora, evidentemente polas obras pero quería saber porque se cerrou talmente porque trastocou o tráfico na zona.

Sra. alcaldesa hasta que terminen ese tramo, colleron de vacacións a semana das festas, volveron a pechar porque din que vai moito mais rápido cando acaben esa conexión teñen que poñer a balsa de tormenta.

Sr Domínguez Louro: Non poden pechar un so carril?



Sra. alcaldesa: Non porque o necesitan e senón non poden acometer ben, eu trasladei o mesmo  
Sr Domínguez Louro: A seguridade e importante pero conleva cambios de sentido e demais fágome eco das preguntas que me fan e polo tanto corresponde facelas. En canto os aparcamentos diante do hospital que polas festas foron usados pola xente, polo persoal das atraccións e demais, consideramos que non se debe, non si porque, consideramos que os aparcamentos diante do hospital non deberían ser usados nin para iso nin para outras cousas, sobre todo grandes camións, caravanas que ocupan 6/7 aparcamentos habería que buscar unha solución alternativa.

Sra. alcaldesa: Habilitouse un espazo no polígono

Sr Domínguez Louro: Si que os vin pero aí tamén estiveron.

Sr Canosa: Aparcaron o camiión no tempo que lle demos para abrir aquí a praza, tiveron un día aparcados.

-----Intelixible, non habilita micro-----

Sr Domínguez Louro: en calquera caso, eu viños que estiven no hospital e estaban ocupando un sitio tremendo porque ocupan moito sitio non estaban momentaneamente, non levei o control de un día ou dous, pero vivindo entendamos como tal, non se debería de facer e tómeno como unha suxestión. En canto as imaxes da limpeza nas mañás das festas eu entendo perfectamente que non se da solo en Cee, en calquera sitio onde haxa festa, botellón xuventude e demais, o que si se debería facer para próxima ocasión inda que sabemos que non o vamos conseguir o 100% pero si se reduce esa basura nun 50% facer unha pequena campaña de concienciación previa, para que os usuarios maioritariamente serán xuventude que non é unha crítica, e mais eu que estou chegando aí, non eu, senon...pero quero dicir que as imaxes son bastante lamentables e en Cee moito mais porque calquer fuga de aire vai o canal, a ría e demais, por intentalo.

Sra alcaldesa está falando practicamente de horas porque as 9 da mañá estaba todo limpo en Cee, limpísimo.

Sr Domínguez Louro: non discuto a efectividade do persoal de limpeza so digo que sería bo pola imaxe e o medio ambiente, en calquer momento hai ráfagas de vento que vai para o canal e me parece un desastre que unha bolsa vaia o canal e de aquí a ría me parece un desastre, sería bo minimizar eses efectos inda que son consciente de que é imposible reduciloo o 0% pero si o reducimos nun 20%, 30 %. Agora quería darlle paso a miña compañeira.

Sra Canosa: nos dende o Bng tamén queremos dar as grazas e agradecer a todos e a todas as equipas de traballo polo seu esforzo e esmero por facernos disfrutar dunhas maravillosas festas, a comisión de festas, a equipa de policía local de Cee e reforza de Santa Comba e Camariñas, proteccion civil de Cee e Corcubión que colabora con esta, traballadores e traballadoras do concello dende administrativos funcionarios, equipo de limpeza, técnico de cultura hasta o electricista coa conexión de luces, non me gustaría esquecer de ninguen si o fago saberedes disculparme e grazas con maiusculas e parebens polo bo traballo.

Sra Iglesias Lema: eu teño os meus rogos pero non sei si esperamos a que o compañeiro triaga a moción porque non sei o mellor os compañeiros do PP quería participar nese rogo si falamos do tema ou non non sei, si vas traer o mes que ven falamos o mes que ven.

Sr Domínguez Louro: si o conflito non se soluciona evidentemente traerei.

Sra Iglesias: entón, vos tamén queríades falar, e que non sei.

Sr Picallo: dende o PP queremos que o resultado sexa óptimo pero recordar que os concellos de 20000 habitantes quen ten competencia é o concello e deputación sabemos que o 5 setembro hai unha reunión solicitada polos distintos sindicatos ca xunta e esperamos que se faga e si dende aquí se pode optimizar a relación con eles para fomentala sin lugar a dudas, sempre que se trate de servizos para o territorio estaremos a favor deles, grazias



Sra. Iglesias: respecto o que di Serxio evidentemente non vai falar da deputación que teñen a vicepresidencia pero non podo estar de acordo, tratase do que acaba dicir o portavoz do PP uns traballadores en terra de nadie sabemos que a LBRL en concellos de menos de 20000 a deputación é a encargada dos servizos de emerxencia de aí os consorcios non caso de carballo de mais de 20000 o servizo é propio a través de protección civil e cando se intentou rescatar este servizo buscaron naquel momento que interesaba buscar a formula para estabilizar as prazas e crearon o persoal laboral indefinido non fixo, que non solo crearon para eles tamén hai en España mais casos, o problema entendo porque a raíz da sentenza do TS o ano pasado pola traballadora do SAF o que piden é que lle garden sen pasar cunha oposición as mesmas condicións que teñen reclaman que se lles aplique esa sentenza e teñen toda razón e se fagan persoal laboral fixo eu entendo que os prexudicados son eles porque a pelota vai dun tellado a outro, Baltar porque era solo para recoller votos en ourense antes das eleccións sacou para adiante Tomé Roca en Lugo co seu voto de calidade na deputación supoño que esta o Psoe e bloque sacou para adiante eso é o que necesitan os traballadores aqui polo menos o presidente da deputación Valentín, verdade que non está Goretti e Regueira non coñezo, sempre se portou ben con cee, cando estuvemos aí inda que non eramos do seu partido sempre se portou ben con cee, entendo que alguen ten que coller a pelota polo seu tellado entendo que en Pontevedra a deputación tena o PP e a xunta e me imaxino que como é un tema de votos van arreglalo en Coruña que se animen e o fagan non é unha cuestión de quen tira e afloxa, si a xunta agora non lle interesa saberán porque non me vou meter en fonduras, non creo que sexa tema de tocar aqui eu teño o meu pensamento, pero a xunta tamén pode dicir é concello de menos de 20000 habitantes e que se faga cargo a deputación, esa é a idea que eu teño, non se dirixiron a min pero doume por dirixida eu estou aqui para o que necesitedes outra cousa é o convenio e RPT pero o tema este de facervos persoal laboral fixo si a deputación agora tendo aqui a alcaldesa que se comprometeu que mañá ía falar co presidente, Serxio que fale con Regueira e hai que darlle para adiante a esto porque os traballadores non poden estar asi polas consecuencias para o pobo cada vez que se peche o parque, e logo tamén bueno co tema do centro comercial, do parking, refírome o parking do centro comercial que está outra vez que non se paga, que leva un tempo, entón sobre todo porque vin nas resolucións da alcaldía que hai xente que pagou a reserva todo mes e paréceme que si eu vou ali e non teño que pagar, o concello deixa de recaudar saber si por algún motivo porque xa leva bastantes días. Despois vin nas resolucións da alcaldía que ademais creo que quedou deserta a explotación da caseta.

Sra alcaldesa: non quedou ningunha deserta o que pasa que logo cando se require a documentación tanto do centro comercial como casetas non presentaron documentación pero realmente non quedou ningunha deserta non presentaron documentación agora tanto para unha como para outra hai outras persoas interesadas que o están solicitando

Sra. Iglesias: é unha boa noticia para cee un servizo uns baños, non sei que se pretende unha cafetería, o que non sei é que naquel momento non se fixo porq as casetas eran de costas e que non se podía licitar, agora hai autorización de costas?

Sra. alcaldesa: si,

Sra. Iglesias: despois teño que dicir do pleno do anterior o 7 de agosto, o ordinario, cando lle dixen do mesmo xeito que antes dixen que ninguén se reuniu comigo para falar do tema da comisión esta eu tamén lle dixen que nos o noso grupo IXCee xamais tuvemos unha festa preparada en ningun sitio e díxenlle que Vde o dixera nun medio de comunicación que tiñamos preparada unha festa conxunta, Vde díxome conxunta nunca dixen, teño a ....

Sra. alcaldesa: si si si mirei e encontrei





Sra. Iglesias: sei que había preparada unha celebración conxunta para o día das eleccións, quero deixar claro que non tiven ningunha conversación para celebración nin co Bng nin co Pp e evitar estes comentarios que afectan o meu grupo tamén incluso o meu grupo podía pensar que eu o tiña preparado e eles non o sabían, non foi o caso

Sra. alcaldesa: eu a palabra conxunta non a dixen, si é certo que apareceu nese medio de comunicación porque eu logo o comprobei e mirei si efectivamente había aparecido así, evidentemente así aparece, eu non dixen conxunta, dixen algún grupo tiña unha festa organizada que non lle saíu ben, xa están non ten mais transcendencia conxuntamente non agora que durante a campaña algún candidato naquel momento que agora é voceiro dixo que había un pacto de amizade entre vos, eu alégrome que as cousas volvera o seu cauce e cada un siga a súa liña, politicamente, persoalmente ningún somos enemigos de nadie, falo dende punto vista político. Con respecto o tema do centro comercial, pois haberá que tomar algún tipo de medida aparte das que xa se tomaron, porque xa se foi algún procedemento xudicial, e xa hai algunha sentenza onde está condenado o pago dunha débeda co concello por parte dun representante do centro comercial, bueno dunha empresa que debe o concello 65000 euros, temos unha sentenza que evidentemente se vai proceder a súa execución para que proceda o pago eso non significa que non se tomen novas medidas, xudicialmente as que se teñan que tomar, respecto o tema do parking é certo, a veces están as barreiras baixas outras abertas din que é porque se estropea unha peza, estamos mirando incluso a solicitude dalgún tipo de subvención para poder cambiar as máquinas tanto a de cobro como barreiras, poñer cámaras, e asegurar dende o concello dende que se busca unha solución mais definitiva, a venda, ben sexa unha solución definitiva o centro comercial, como dixen anteriormente por parte miña e da concelleira con Luisa estivemos incluso esta semana pasada nunha reunión en Coruña para tratar este tema do centro comercial e quedamos de reunirnos novamente esta semana excedendo incluso das competencias que tería que facer a xerencia do centro comercial que non fai ningunha claramente, ante eso teremos que tomar medidas, cando teñamos algunha solución proposta se dará traslado a oposición para que teña coñecemento dela pero dende o goberno estamos traballando no tema do centro comercial agora ben non é fácil unha solución cando nos encontramos con documentación onde se prorroga contrato o xerente dunha maneira pois bastante discutible dende un punto vista xurídico, vamos deixalo aí.

Sr Domínguez Louro: quería puntualizar a intervención da concelleira de IXCee sobre o tema do parque de bombeiros, creo que e importante ter en conta varias cousas, dende o 1 xaneiro 2020 faise cargo dos parques comarcais o consorcio que está participado 50% diputación 50% xunta podemos facer futuribles ou si está ben ou mal ou legalmente isto, 20000 habitantes o no, o que está claro é que o consorcio de emerxencia que non recordo o nome técnico está participado 50% deputación e 50% xunta, non me move traer aquí que estea ou no o BNG gobernando na diputación mais cando esa área non é do BNG co cal non habería problema o que e real é que houbo negociación, a diputación cónstame que xa fixen esas averiguacións ten o seu traballo feito a situación nas diputacións que eu sepa sacando ourense é a mesma tanto na coruña, pontevedra, lugo polo tanto compre darlle solucións, un apunte importante, polo tema dos 20000 habitantes, o consorcio tamén leva o de compostela, carballo que son concellos de mais de 20000 habitantes e a deputación tamén participa na xestión economicamente na xestión deses parques non sei si Ferrol pero si no de Compostela e Bergantiños, carballo polo cal hai un consorcio xestiona de maneira publica dende 1 xaneiro 2020 e o que se pretende e importante é que esas negociacións sexan a tres bandas, despois nos futuribles si ten que estar diputación xunta ou non, haberá que ver nun futuro pero mentres está así pois haberá que respetar as



Exp. 2023/G010/000013

partes, cada un que aguante da súa vela, hai que buscar unha solución porque é a vida ou morte como se diga nada mais

Sra. Iglesias: mire do que se trata é de que esta xente a fagan persoal laboral fixo como no caso de Navarra que é o único que pretende dame igual PP, Psoe e Bng dinlle o caso de Ourense ou lugo, e o mesmo que o fagan na coruña e que o van facer pronto en Pontevedra e mentres tanto a ver si van ganado votos a min dame igual o color do partido o importante é que abra o parque, acaba de facelo Tomé Roca co voto de calidade hai que votar e fuera e teñen o mesmo problema ca xunta.

Sr Domínguez Louro: Infórmese ben na situación actual nas diputacións é exactamente igual, Lugo, Coruña e Pontevedra e Ourense está en vías de facer o que fixeron as outras pero non hai o que Vde di.

Ás 20:53 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.